

MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL AER SOBRE O PUNTO LIMPO

PLENO 31 XANEIRO 2013. ACTA 2/2013

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A recuperación e a posterior reutilización e reciclaxe convertéronse na opción prioritaria para a xestión dos Residuos Urbanos (R.U.) de acordo coas directrices marcadas pola Unión Europea en materia de residuos.

No noso país acumulamos en vertedoiros enormes un 70 % do lixo, enterrando valiosos recursos, perdendo diñeiro e afectando negativamente a saúde e o ambiente. Tendo en conta que outro 10 % incinérase, vemos que só aproveitamos un 20 % dos residuos.

Neste sentido, a Directiva do Consello relativa aos residuos 91/ 156/CEE, que modifica á Directiva marco 75/ 442/ CEE, incorpora a seguinte xerarquía, que deberán aplicar os Estados membros: tomar todas as medidas necesarias para evitar a súa xeración (prevención), favorecer a súa reutilización (recuperación de materiais/ enerxía) e garantir a súa eliminación controlada.

A Lei 10/ 98 de Residuos, de 21 de abril, supón a trasposición no plano interno da Directiva do Consello relativa aos residuos 91/ 156/CEE e establece o novo marco regulador básico dos residuos co obxectivo de incentivar a redución e selección en orixe e priorizar a reutilización, a reciclaxe e a valorización sobre outras técnicas de xestión...

Para iso, o Plan Director Territorial de Xestión de Residuos, elaborado conforme ao previsto no artigo 45 da Lei de Protección Ambiental, integra os diferentes Plans Directores Provinciais, e persegue a coordinación dos servizos municipais para promover a redución da produción de residuos e o seu perigo, fomentar a recollida selectiva de residuos, a prestación do novo servizo de puntos limpos, valorizar os residuos e incentivar cando sexa posible a súa reciclaxe e reutilización e a eliminación dos depósitos incontrolados, asegurando o tratamento adecuado dos residuos.

Os Puntos Limpos teñen como obxectivo fundamental o servir a todos os cidadáns como lugar de achega voluntaria para a recollida selectiva dos residuos urbanos, debendo os usuarios separar os diferentes materiais valorizables contidos nos mesmos. Posteriormente, estes residuos transpóntanse a centros de xestión, para a súa reutilización, reciclado, valorización ou eliminación.

Principio del formulario

O Punto Limpo é, xa que logo, un lugar onde os cidadáns participan activamente na xestión dos residuos urbanos e onde poden recibir información e formación sobre detalles desta xestión.

A xestión dos residuos nos Puntos Limpos deberá perseguir os seguintes obxectivos:

1. Separar os materiais contidos nos residuos urbanos, especialmente os perigosos, cuxa eliminación conxunta co resto dos residuos representan un risco e contribúen á contaminación do medio ambiente.
2. Evitar a vertedura incontrolada dos residuos voluminosos que non poden ser eliminados a través dos servizos convencionais de recollida de lixo.
3. Aproveitar os materiais contidos nos residuos urbanos que son susceptibles de valorización, conseguindo un aforro enerxético e de materias primas, e reducindo o volume de residuos a eliminar.
4. Buscar a mellor solución para cada tipo de residuo co obxectivo de conseguir a máxima valorización dos materiais e o mínimo custo na xestión global.

O lixo xestionado con criterio pode ser unha fonte de recursos e crear uns empregos que serían benvidos na actual conxuntura económica, por non mencionar os beneficios que resultarían de reducir a cantidade de vertedoiros e incineradoras.

A materia orgánica por exemplo -case a metade do lixo doméstico- pode converterse en fertilizante, e o aceite usado en xabón ou diésel. A Lei de Residuos dá preferencia á prevención, a reutilización e a reciclaxe fronte á incineración e o depósito en vertedoiros.

Por todo isto Esquerda Unida propón o Pleno os seguintes puntos de ACORDO:

1-Obrigar a Urbaser a cumprir o contrato de recollida de lixo, volvendo a poñer en funcionamento o punto limpo móbil, que a de ser un centro de achega voluntaria que comprende una serie de colectores específicos para, aceite vexetal, fluorescentes, medicamentos caducados, pilas e baterías, etc. Este centro terá capacidade para almacenar todos os residuos procedentes de particulares, comerciantes, fabricantes, etc., que non son recollidos polos servizos de recollida municipal.

2-Para a divulgación das funcións e o uso correcto das instalacións facilitarase aos usuarios a información suficiente.

Posibilitaranse as actividades educativas e a coordinación das visitas que desde os centros educativos, organizacións e asociacións solicítense realizar ás instalacións dos Puntos Limpos.

3-Creación dun punto limpo fixo como unha instalación deseñada para potenciar a recepción e a selección das diversas fraccións inorgánicas presentes nos residuos sólidos urbanos, especialmente os voluminosos e especiais, coa finalidade de separalos e valorizalos. Son recintos de recollida selectiva e residuos específicos, dotados de viarios, áreas de carga e descarga, colectores para específicos e cerramento perimetral.

VOTACIÓN E ACORDO

A Corporación, en votación ordinaria e por unanimidade dos asistentes acorda aproba-la moción transcrita nos antecedentes.